



NARÓN

Datos Do Expediente:

PROCEDEMENTO ABERTO	
Unidade Tramitadora:	
Contratacion e Obras Publicas – IMG	
Número expediente:	Documento:
CON/17/2014	CONYI0RV
520X5H71271M04211EF9	

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN PARA DAR CONTA DO INFORME TÉCNICO E A REALIZACIÓN DA APERTURA DO SOBRE "A" QUE CONTÉN A OFERTA ECONÓMICA, DA CONTRATACIÓN POR PROCEDEMENTO ABERTO, DO SERVIZO MANTEMENTO DE HARDWARE E SOFTWARE ESTÁNDAR DAS INSTALACIÓNS MUNICIPAIS..

Presidente: D. José M. Blanco Suárez, Alcalde-Presidente

Vogais:

Dna. Pilar Suanzes Hyde, secretaria Accidental
D. Manuel G. Antón Villamil, Interventor Accidental
D. Manuel Rodríguez Álvarez técnico informático

Secretario:

D. Ignacio Mazaira Garro, Xefe de Sección de Contratación

Na Sala de Reunións da Casa do Concello, en cumprimento do previsto no Texto refundido da Lei de contratos do sector público, así como no prego de cláusulas administrativas particulares que regula a contratación da devandita asistencia técnica, co gallo de tratar os dous puntos da orde do día:

- Dar conta do informe técnico de valoración dos criterios non obxectivos
- Apertura do sobre A: Oferta económica

De conformidade co establecido na cláusula 10.2 do prego de cláusulas administrativas particulares, regulador deste contrato, en concordancia co expresado no artigo 27 do Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei de contratos do sector público e, despois de anunciarse no perfil de contratante a convocatoria desta mesa para coñecemento dos candidatos que participaron na licitación, neste acto público de apertura, cabe manifestar que asistiron representantes das empresas participantes nesta licitación, 2ksystems Soluciones Informáticas Ferrol S.L.

Sendo as 12:00 horas do día 17 de outubro de dous mil catorce, reúnese a Mesa de Contratación formada polos membros que enriba se expresan, para a comunicación da puntuación acordada para a documentación contida no sobre "C" de Documentación Técnica de Criterios de adxudicación que dependen dun xuízo de valor, e para apertura dos sobres "A" relativos á Oferta Económica das empresas admitidas á licitación.

Antes de proceder á apertura dos sobres da Oferta Económica, o secretario procede á realización das formalidades contidas no artigo 83 do Regulamento Xeral da Lei de



NARÓN

CONCELLO DE NARÓN

contratos das administracións públicas, dándose a coñecer o informe técnico de valoración do sobre "A" de Referencias Técnicas:

Unha vez posta en coñecemento dos licitadores a puntuación obtida na valoración das Referencias técnicas, procédese á apertura dos sobres "A" relativos ás Ofertas Económicas:

Empresa Inforhouse S. L., propón un prezo de 70.800,00 euros, IVE non incluído

Empresa "2Ksystems Sistemas Informáticos Ferrol S.L., propón un prezo de 70.801,16 euros, IVE non incluído.

Rematada a lectura das ofertas económicas, a Presidencia invita aos representantes dos licitadores asistentes ao acto a que manifesten as dúbidas que se lle ofrezan ou aclaracións pertinentes.

E non habendo máis asuntos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as 12:05 horas da data indicada no encabezamento, redactándose a presente acta, de cuxo contido eu o secretario dou fe, asinando comigo o Sr. Presidente